



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA, O COLEXIO DE AVOGADOS DE SANTIAGO E MAIS A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A TRAVÉS DO CENTRO INTEGRAL DE ANÁLISE E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CIARCUS), PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA EXPERIMENTAL DE MEDIACIÓN NO ÁMBITO PENAL EN SANTIAGO DE COMPOSTELA EN 2022**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído, a través do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, o exercicio das competencias en materia de xustiza, recollidas no artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que ten atribuídas.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a mediación penal consistente na participación voluntaria do imputado por un delito ou falta e mais da vítima –ou persoa prexudicada– nun proceso de diálogo e comunicación conducido por un mediador imparcial, co obxecto fundamental de conseguir a reparación adecuada ao dano causado e a solución do conflito, dende una perspectiva xusta e equilibrada para os intereses das partes. A mediación no ámbito do proceso penal é unha realidade e unha necesidade na sociedade en que vivimos, e ante situacións de grave quebrantamento das normas de convivencia presenta indubidables singularidades que complementan eficazmente o propio sistema penal, proporcionando instrumentos de control e reacción ante o fenómeno criminal.

**Antecedentes:** No desenvolvemento da competencia referida anteriormente, no ano 2009, empezouse cun proxecto piloto de mediación intraxudicial no ámbito de familia no partido xudicial de Santiago, que logo se foi estendendo a outros partidos xudiciais (Ourense, Vigo, Pontevedra, Lugo, Coruña e Ferrol). Continuando co impulso da mediación intraxudicial, estendeuse o seu ámbito de actuación a mediación civil e mercantil a través de dous proxectos co Consello de Cámaras de Comercio e o Consello Galego de Procuradores, e a mediación no ámbito penal en Coruña e en Santiago, a través do Colexios de Avogados e, en Santiago de Compostela, a través do CIARCUS da Universidade de Santiago.

**Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela e mais a Universidade de Santiago de Compostela, a través do Centro Integral de Análise e Resolución de Conflitos da USC (CIARCUS) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2022.

**O convenio ten por obxecto** establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, o Colexio de Abogados de Santiago e mais Universidade de Santiago de Compostela a través do CIARCUS para o desenvolvemento do programa experimental de mediación no ámbito penal en Santiago de Compostela. Este proxecto experimental de implementación da mediación intraxudicial nos xulgados de instrución e do penal de Santiago de Compostela persegue o seguinte:

- Intervir en conflitos xudiciais a través da mediación penal e da xustiza restaurativa como instrumento de resolución pacífica dos mesmos.

Dirección Xeral de Xustiza  
R/ Madrid 2-4, 2ª planta  
15781 Santiago de Compostela





- Xerar un espazo para a comunicación entre os cidadáns, pois coa mediación penal poden abordarse as controversias que en ocasións subxacen aos feitos delituosos.
- Posibilitar que a vítima se sinta protagonista tanto do propio procedemento penal coma do xeito de o resolver.
- Darlle unha resposta reparadora e reintegradora á situación que se creou como consecuencia do feito delituoso.
- Establecer mecanismos de colaboración cos operadores xurídicos, nomeadamente coa Fiscalía e mais cos xulgados.

**O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:**

O fundamento da mediación penal devén dunha nobre utilización do Código penal con fins de política criminal restaurativa: Toma en consideración as causas reais do conflito e as súas consecuencias; responsabiliza o infractor acerca das consecuencias do seu ilícito, ao tempo que diminúe a reprobabilidade penal (atenuante) e lle procura medios para a normalización da súa vida; asegura unha efectiva protección da vítima mediante a reparación ou diminución do dano causado polo delito, de modo que, se non existe vítima, a reparación pode ter un carácter simbólico ante a comunidade social ou organismo que a represente; restablece a vixencia da norma e o diálogo comunitario, reconstruíndo a paz social quebrada polo delito ou falta e minimizando o rigor do sistema penal.

**Financiamento:** O investimento máximo a que se refire o presente convenio fíxase en VINTE MIL EUROS (20.000,00 euros) para o ano 2022, con cargo ás aplicacións orzamentarias seguintes:

- 10.000 € con cargo á aplicación 05.22.131A.444.0, para o aboamento á USC.
- 10.000 € con cargo á aplicación 05.22.131A.481.0, para o aboamento ao Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da citada norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Juan José Martín Álvarez

Director xeral de Xustiza

Dirección Xeral de Xustiza  
R/ Madrid 2-4, 2ª planta  
15781 Santiago de Compostela

